



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/G012/000003

Na sesión realizada pola Comisión Especial de Contas o martes día 5 de maio de 2026 emitíuse o seguinte DITAME:

2.- 2026/T017/000001. INFORME DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2025.

O presidente dá conta de que o obxecto desta sesión é informar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2025, rendida polo Sr. alcalde e formada pola secretario – interventor accidental do concello.

A documentación da Conta púxose á disposición dos integrantes da Comisión a través do Portal de Cargos Electos da sede electrónica do concello desde a convocatoria da sesión e atópase no expediente 2026/T017/000001 de TEDEC. A Conta Xeral reúne os requisitos establecidos nas regras 44 e seguintes da *Instrución do modelo normal de contabilidade local de 2013* e á terceira parte do *Plan xeral de contabilidade pública adaptado á administración local*, anexo á dita Instrución.

No expediente consta o informe favorable da Intervención do Concello, ISIA 30 2026 T017 000001, de data 06/04/2026.

Intervencións.-

O Sr. alcalde destaca varios datos como é o remanente de tesourería que ascende a 2.209.608,82 euros e a subida do grao de execución orzamentaria e tamén o de ingresos. Comenta que o nivel de débeda se sitúa nun 32,57 % e que a débeda que teñen contraída é con administracións, non con bancos. O que se establece é que a débeda deber ser inferior ao 75 % e, polo tanto, cúmprese.

O Sr. Varela comenta que non ten nada que dicir. Que son as contas do exercicio e que é un trámite que hai que facer.

O Sr. Negreira di que a nivel contable se cumpre con todas as esixencias legais e que ademais están dentro do prazo esixido legalmente para ditaminar a conta. Agradece e valora o traballo do departamento de contabilidade. Di que as contas amosan que a nivel de servizos se mellorou e que a nivel de execución seguen estando baixos (debido a temas de persoal e esixencias de Patrimonio, Augas, etc.). Cre que hai que mellorar máis este último aspecto: executar máis para que os servizos cheguen antes aos veciños.

O Sr. alcalde agradece tamén o traballo da área de Contabilidade e de Secretaría para elaborar esta documentación. Destaca o cumprimento da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria, que é algo que en moitos dos concellos da contorna non se está a dar e que permite traballar con moita máis flexibilidade e sen ter que contar cun Plan económico. Di que aínda que as contas sexan positivas, que esa cifra tamén lle ten que servir para ver que hai que executar máis e investir nos veciños.

Sometido a votación o ditame, a Comisión Especial de Contas **ACORDA**, por maioría de catro votos a favor dos concelleiros do PSOE e ANOVA e tres abstencións dos concelleiros do Partido Popular:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a Conta Xeral deste concello correspondente ao exercicio de 2025 nos termos e coa documentación que consta no expediente.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/G012/000003

SEGUNDO.- Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante o devandito prazo, os interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teñan por convenientes, os cales, no caso de presentarse, deberán ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións se estimen como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello.

TERCEIRO.- Tramitar o expediente nos termos previstos no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, entendendo este ditame como definitivo se no prazo de exposición ó público non se presentaran reclamacións, reparos ou observacións.

CONCELLO DE VAL DO DUBRA, na data que figura á marxe.

O SECRETARIO ACCIDENTAL
José Ramón Vázquez González

O PRESIDENTE
Diego Luís Díaz Méndez